

## BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA LIBRE NO ÁMBITO PESQUEIRO

**PARTICIPANTES:** Poderá participar no concurso calquera persoa física maior de 18 anos coa excepción dos membros do xurado e o seus familiares de ata segundo grao.

**TEMÁTICA:** O tema será a cultura mariñeira galega: elementos de pesca, trebellos navais, arquitectura, festas, gastronomía, espazos singulares e demais temas relacionados coa cultura mariñeira.

**OBRAS:** Cada participante poderá presentar **un máximo de dúas fotografías**, sendo estas orixinais e inéditas e non presentándose con anterioridade noutros concursos, ou publicacións en calquera medio dixital ou impreso. Os participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as fotografías presentadas ao concurso.

**EDICIÓN DAS OBRAS:** Permítese o retoque das fotografías, pero non se poderán engadir ou eliminar elementos que modifiquen a súa composición orixinal. En caso de dúbida e como comprobación poderase esixir o ficheiro orixinal. Non se aceptarán fotomontaxes de varias fotografías.

**PRESENTACIÓN:** En soporte dixital en formato JPG ou PNG cunha resolución mínima de 2560x1920. O nome do ficheiro será o mesmo que o título da fotografía e o autor seguido dun guión baixo. Exemplo: título\_da\_fotografía-autor.png

**ENVÍO:** As fotografías enviaranse nun único envío e en conxunto ámbalas dúas fotografías non poden superar os 20 Megabytes. O envío farase ao enderezo electrónico, [fotografia@xeopesca.gal](mailto:fotografia@xeopesca.gal). No correo electrónico indicaranse os seguintes datos:

- Nome e apelidos do autor.
- Data ata de nacemento
- Enderezo, código postal, municipio, provincia, país.
- Teléfono

- Correo electrónico.
- Título/s das obras enviadas, lugar onde se realizaron e licenza coa que publica.

**PRAZO DE ADMISIÓN:** O prazo para presentar as fotografías estará aberto do 1 de Xuño de 2017 ao 1 de Setembro de 2017 (ambos inclusive). Non se admitirán fotografías presentadas con posterioridade a esta data.

**PREMIOS:** Primeiro Premio: 200 euros, Premio accésit: 100 euros. Cada participante non poderá ter máis dun premio.

**FALLO:** O fallo do xurado producirase no mes de outubro de 2017 e será comunicado pola Asociación aos premiados. Do mesmo xeito, a Asociación difundirá esta información a través da súa páxina web e a través das canles que considere convenientes.

**O XURADO:** O xurado estará formado por dous profesionais da fotografía e dous representantes da asociación.

**REPRODUCCIÓN:** A Asociación poderá reproducir as fotografías ou empregalas libremente sempre que faga constar o nome do/a autor/a e respectando a mesma licenza do creador. A propiedade intelectual e a autoría das obras serán sempre do autor/a.

**LICENZAS VÁLIDAS:** Neste concurso admitiranse unicamente fotografías con algunha das seguintes licenzas:

- CC By-SA: Creative Commons Recoñecemento - Compartirlgual. Máis información en <https://creativecommons.org/>
- GFDL: GNU Free Documentation License <https://www.gnu.org/licenses/>

**COMO INCLUÍR A LICENZA:** Para cada fotografía incluírase un ficheiro de texto chamado licenza\_nomeDoFicheiro.txt , no cal se incluíra na primeira liña autoría e ano. A Continuación acompañarase co texto íntegro da licenza.

Por exemplo a fotografía solpor\_autor1.png terá un ficheiro chamado licenza\_solpor\_autor1.txt. O contido do ficheiro será semellante a este.

*Copyright (C) 2017 Nome Apelido1 Apelido2*

*Permission is granted to copy, distribute and/or modify this document*

*under the terms of the GNU Free Documentation License, Version 1.3*

*or any later version published by the Free Software Foundation;*

*with no Invariant Sections, no Front-Cover Texts, and no Back-Cover Texts.*

*A copy of the license is included in the section entitled "GNU*

*Free Documentation License".*

**PAGAMENTO DOS PREMIOS:** Os premios serán aboados mediante transferencia bancaria anexando certificado de conta bancaria a nome do premiado, cando proceda levarán consigo a retención en concepto de IRPF que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

**CÓDIGO ÉTICO:** Non se admitirán fotografías que representen prácticas ilícitas da pesca, irrespectuosas co medio ambiente ou outras casuísticas que o xurado poida considerar eticamente non aceptables.

**ACEPTACIÓN DAS BASES:** A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases e do fallo inapelable do xurado

**COLABORA:** A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) no marco do convenio de colaboración asinado coa Asociación Xeopesca no Plan de Acción de Software Libre 2017 da Xunta de Galicia.